

RESOLUCIÓN do 18 de marzo de 2016 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións a proxectos de investimento en actividades non agrícolas, cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016. AGADER. DOG N° 66, 07/04/2016

OBXECTO.

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas que xestiona a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) no marco da medida 6.4 do PDR de Galicia 2014-2020 para a creación e desenvolvemento de **actividades económicas viables non agrícolas**, ben ampliando o abano de actividades desenvolvidas **no marco das explotacións agrarias**, incentivando a súa diversificación, ou ben mediante a creación, ampliación e modernización de unidades de produción no medio rural, co fin de contribuír á xeración de novos empregos e á dinamización económica dos territorios rurais.

As axudas consistirán en subvencións directas de capital. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG).

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta resolución, sempre que cumpran os demais requisitos que resultan das bases reguladoras:

1. As pequenas empresas.

Segundo a definición que resulta do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, ten a consideración de pequena empresa aquela que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

2. Persoas físicas que residan nunha zona rural.

Para estes efectos considerárase zona rural o territorio elixible segundo o previsto no artigo 3.2.b) destas bases reguladoras.

3. Titulares ou membros dunha unidade familiar dunha explotación agraria que diversifiquen as súas actividades **en ámbitos non agrícolas** e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación.

PROXECTOS SUBVENCIONABLES

1. Con carácter xeral, serán subvencionables os proxectos destinados á creación, ampliación e/ou modernización de pequenas empresas que desenvolven actividades non agrarias nos seguintes sectores e ámbitos de actividade:

a) Industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais.

Non obstante o anterior, os investimentos relacionados coa utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía limitaranse ás operacións de segunda transformación.

b) Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE). Non obstante o anterior, exclúiranse aqueles proxectos cun orzamento subvencionable superior a 30.000 €.

c) Prestación de servizos en calquera sector económico, con exclusión das empresas de servizos de maquinaria agrícola e forestal e das empresas de servizos enerxéticos.

d) Prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas-escola...).

e) Actividades de lecer, recreativas e deportivas.

f) Artesanía e actividades artesanais.

g) Actividades baseadas nas novas TIC, innovación tecnolóxica e comercio electrónico.

h) Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial e veterinaria.

i) Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do TFUE.

j) No sector da restauración turística:

– Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais senlleiras (pazos, muíños, patrimonio industrial, pallozas, faros...) e que vaian ofertar unha cociña ba seada na gastronomía galega tradicional ou que con ese substrato propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo.

– Investimentos destinados a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas dos establecementos de restauración xa existentes.

Exclúense as actuacións en bares e cafetarías.

k) Actividade turística de aloxamento: nos establecementos de aloxamento turístico poderán subvencionarse investimentos destinados ao aumento de categoría do establecemento e outras actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES

1. Con carácter xeral, serán subvencionables:

a) A construción, adquisición e mellora de inmobles, que só poderán ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto. No caso de adquisición de inmobles, o importe subvencionable non superará o 50 % dos gastos subvencionables.

b) A adquisición de terreos ata o límite do 10 % do total dos gastos subvencionables.

c) Os custos xerais vinculados aos gastos anteriores en concepto de honorarios de proxecto, dirección de obra e estudos de viabilidade, ata o límite do 10 % do total dos gastos subvencionables.

- d) Compra de maquinaria e equipamentos novos.
- e) Adquisición e desenvolvemento de programas informáticos precisos para a execución e bo fin da operación.
- f) Adquisición de patentes e licenzas relacionadas co proceso produtivo (con exclusión das licenzas informáticas en sistemas operativos e aplicacións de ofimática), ata o límite do 10 % do total dos gastos subvencionables.
- g) Gastos de constitución (notariais, rexistras e administrativos) derivados do comezo da actividade prevista no proxecto.

INTENSIDADE DA AXUDA

A axuda será do 45 % dos gastos subvencionables.

As axudas concedidas ao abeiro desta resolución están amparadas no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro (DO L 352, do 24 de decembro) referente á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea **ás axudas *de minimis***.

De acordo co artigo 3 desta norma, o importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa **non excederá 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais**.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo xeral para a presentación de solicitudes **finalizará o 7 de maio de 2016**